

Bo día papis e mami: esta nota fíxena onte luns pero non puider enviala porque houbo algún problema ca páxina e non se podía acceder.

Espero que estedes todos/as ben e sobrelevando o mellor posible estes días de illamento, que desgraciadamente xa aumentaron.

Estou dándolle bastantes voltas a isto de mandar suxerencias e tarefas para que fagades con eles na casa e as veces teño a impresión de que igual nos estamos obsesionando máis da conta. Creo que tampouco convén agobiarse con aproveitar o tempo, que fagan unha chea de cousas e que non perdan..o qué?: o curso?, o ritmo?, a escolaridade?..

Iste tempo de illamento, tal vez marque un antes e un despois nas nosas vidas, tanto nas nosas prioridades, como na forma de relacionarse, e o que menos importa neste momento é cantos "traballos" fan os peques, de feito, non é imprescindible nin preciso que fagan nada físico (en papel) para ensinarnos á volta, do que se trata é de mantelos ocupados, entretidos e sobrelevando este confinamento da mellor maneira posible. Quero que comprendades ben isto.

A miña obrigaón como docente é estar ahí para darvos suxerencias que podedes seguir ou non, para calquer dúbida, pero nada máis.. non hai que garantir que se consegue ningún tipo de nivel ou obxectivos, e menos tendo en conta que se trata de nenos de 3 anos.

De feito, estiven pensando no envío de tantas suxerencias que podedes facer, tantas páxinas que podedes visitar, e quero aclarar: non é para que o fagades todo.. son solo suxerencias!!, entendo que en moitos casos os papás nin teredes tempo de ver/facer tantas cousas e incluso que os medios ó voso alcance non serán suficientes, nin os mesmos para todos.. penso por exemplo, nuns papás que teñan que facer teletraballo, que non teñan ordenador ou teñan só un para toda a familia, que teñan datos limitados..etc I todo isto que mandamos os/as profes, pode ser un auténtico agobio!!

Como vos expliquei na reunión de clase, no cole facemos unha chea de cousas que non se ven nas fichas pero que son a base de moitas futuras aprendizaxes : coñecer e respetar as normas, aprender a esperar e a escoitar, chamar as cousas polo seu nome, explicarse axeitadamente, pronunciar e vocalizar ben, memorizar e reproducir vocabulario ,cancións e poemas, desenvolver o pensamento lóxico (responder ós por qué), expresar as súas emocións, etc, etc .E todo isto pode facerse de mil formas moi sinxelas con obxectos da vida diaria:

abrir un libro/revista calquera para falar do que ven, contar nas debuxos determinadas cousas, separar fabas de garavanzos, contar cubiertos que temos que poñer na mesa, contar palabras concretas (p.ex. CASA) que aparecen nunha páxina, buscar números , rodear co dedo todos os que son iguais, ou simplemente aprender a refollar un conto pasando as páxinas 1 a 1 parándose a mirar con calma os debuxos son moi bós exercicios. Xa haberá tempo de aprender o abecedario, os números e moitas outras cousas cando volvamos ó cole!

Así que vou intentar mandar cousiñas mais concretetas, que non sexa preciso estar nin co mobil nin co ordenador sempre nas mans, como este RETO: CORONAVIRUS.. e, aínda que mando tamen un adxunto MAIS COUSIÑAS..lembrade que só son .. ¡SUXERENCIAS!

Por favor, quedan aínda moitos días por diante,..calma e tranquilidade, e como lle digo eu ás veces ós nenos, tamén é moi importante saber aburrirse, saber estar sen facer NADA!

MOITO ÁNIMO e un gran abrazo virtual para todos.

A profe Luisa

